

**CCOO****INFORMA**

LIBRANZA DA GARDA DO VENRES

Na Mesa Sectorial extraordinaria de hoxe, o SERGAS formula unha proposta para o **persoal facultativo hospitalario** que realice **gardas os venres**, consistente en:

1. **Dispoñer da libranza nos 15 días seguintes á realización da garda.**

OU

2. **Acordar coa xerencia o momento da libranza para poder diferila.**

CCOO considera que **a libranza postgarda é unha medida de saúde laboral para o persoal e de protección para os pacientes**. Por este motivo, debe quedar expresamente establecido que se realizará no **seguinte día laborable tras a garda**, xa que demorala 15 días ou máis desvirtúa a finalidade da medida.

Así mesmo, **CCOO** solicita que esta proposta **se estenda a todas as categorías que realicen gardas os venres**.

18 de setembro de 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>